


# Consello de Galiza



## *Boletín Oficial Informativo*

"Cando máis pensamos no porvir de nosa Terra, máis nos convencemos da necesidade urxente de nos unir todos os galegos de boa vontade".CASTELAO

XANEIRO 1966

Redacción: Belgrano 2186 - Capital

## **A GALIZA EMIGRADA LEMBROU A CASTELAO**



# CON DIVERSOS ACTOS FOI LEMBRADO CASTELAO NO XVI CABODANO DA SUA MORTE

Conmemorando o XVI cabodano do pasamento do grande patriota Castelao, a Galiza emigrada rendeulle o afervoado homaxen do seu recoñecemento e admiración ó guieiro por escelenza do povo galego, que loitou, produciu espranzas e soube ser o home do seu tempo. A súa vida que foi un constante atafegar por consolidar os seus ideais; unha permanente entrega de si mesmo porque cría na súa Terra, porque o seu mundo foi o mundo da xente da súa Terra.

Foi un político que tiña conciencia de que xa chegara a hora das definicións e ele definiuse como nacionalista. Un nacionalismo amasado coa entrana da Terra e coa entrana do home. Emporiso, o home, o home galego, foi de cote o centro da súa obra.

## NO PANTEON DO CENTRO GALEGO

Tres sinificativos actos leváronse a cabo o domingo 9 de xaneiro ppdo. no panteón do Centro Galego no cemiterio da Chacarita, onde acougan as restos de Castelao.

As 10 da mañán o Consello de Galiza e a Comisión Intersocietaria Galega pousaron sendas ofrendas frorais facendo uso da verba o doutor Ramón de Valenzuela Otero.

A seguido, na capela do panteón deuse unha misa oficiando o crego galego R. P. Luis Villamarín Saavedra quen, na súa plática pronunciada en lingua galega fixo unha emotiva lembranza de Castelao e da súa proxección na movemento nacional galego.

Findado o ofizo da misa levouse á cabo o homaxen cívico do Centro Galego a Castelao, coa presenza das súas autoridades, presididas polo tidoar Sr. Xosé Villamarín Prieto. Falou en nome da entidade o Segretario da Comisión de Cultura D. Abelardo Estevez.

## VERBAS DO DOUTOR RAMON DE VALENZUELA A NOME DA COMISION INTERSOCIETARIA

A xeito de diálogo con Castelao, dixo antre outras cousas o doutor Valenzuela:

Don Alfonso: Estamos xuntos outra vegada os que deprendemos con vostede, a servir a Galiza. Con nós están tamén outros que eran meniños cando vostede morreu e máis algúns que aínda non nasceran.

Pero iso ten de vir. As novas xeracións serán as que enfoquen a lei dereita do seu pensamento, porque o seu pensamento está escrito.

Vostede foi defensor do povo que traballa no agro e máis no mar, vostede nunca xustificou ós capitalistas que o asoballaron. Vostede dixo que tiña de sere o povo mesmo quen labrara os seus destiños e non os caciques apañados polo centralismo que desorgaizou a nasa economía e o noso sentir nacional.

Na derradeira visita que fixen á Terra poiden ver con tanta devoción se fala de vostede. Poiden ollar deica onde o seu nome está consustanciado coa Patria nos diversos camiños do pensamento, das ideais e da política.

Non importa que se empregue o seu nome, as veces, mergullado nun arte puro e alonxado de canto fose tristura, calamidade e inxustiza social, porque por enriba de todo canto se diga de vostede, está o que vostede mesmo dixo e escribiu. Están as cousas concretas, fortes e bariles da súa loita, do seu peleriar e do seu desterro.

## DISCURSO DO SEGREDARIO DA C. DE CULTURA DO CENTRO GALEGO SEÑOR ESTEVEZ

Dixo o señor Abelardo Estevez antre outras cousas: "... Temos coñecido, pra venturanza nosa, moitos e moi esgrevios espritos ó servizo dos máis puros ideais da galeguidade, mais podemos afirmar sen temeridade, que neses mesteres, ninguén superou a rara calidade humán de Castelao.

... Mais ese fiño espírito era capaz, ó mesmo tempo, de se converter en tenza baesta pró certoiro disparo dos seus

vigorosos dardos guindados sen trégola, na defensa firme e oportuna daqueles sagros ideais. Nesa loita, endexamais podería haber servido unha simpre ou pueril esgrima deportiva; fara, unha loita verdadeira, pois tratábase e trátase, dunha dramática circunstancia na que debátase a afirmación dunha patria e o desterro da desventura dos homildes dun povo, pero un povo en cuos diversos estratos sociais aniña o anxeo dun senso de vida en xenuína liberdade, estraída do cogollo dunha verdadeira instrumentación democrática".

## NO PAZO GALEGO DO CENTRO PONTEVEDRES EN OLIVOS

Mesmo o domingo 9 de xaneiro ás 11.30 horas a Comisión Intersocietaria reaizou un emotivo homaxen a Castelao ó pé da súa estatua eisistente nos xardíns do Pazo coa presenza das autoridades do Centro Pontevedrés e numeroso público, consistente nunha ofrenda froral e un esculador discurso pronunciado polo doutor Manoel Corbacho Montegudo e do cal escolmamos algúns párrafos.

Dixo o doutor Carbacho:

"... Toda a motivación suxeitivo espiroal que eisiste na obra de Castelao, foi unha soia: Galiza".

"A il tocoulle, millor dito, deulle Deus a posibilidade de reencarnar nun intre histórico do noso povo, e, precisamente cando máis o precisaba, con nidia caridade e síntese maravillosa, na súa persoa e na súa laboura, tódolos atributos da personalidade do povo galego como entidade esencial diferenciada do conxunto que o arrodeia".

"... Isa constante, ise valor, orredor dil, conxúgase toda a ialma do noso povo que, como función política xa lle habiamos chamado "Atavismo telúrico de ialma do povo galego", como causa teleolóxica de toda a súa laboura a de Castelao mesmo, como razón trascendente, foi Galiza".

"Galiza como entidade histórica "Terra-home", e como ente orgaizado, conxunto definido en esencialidade indiscutíbel de caraiter nacional formado, foi a razón motriz, a forza criadora, a fonte de inspiración, o fin ultimo e irrenunciabel de todo canto fixo e pensou Castelao namentras viviu".

"Antes le Castelao, Galiza, dadas as opreixóns sofridas ao traveso de tantos séculos de persecucións moitas veces sanguinientas, tiña xa sen dúbida os seus atributos os que eisistían e eisistiron sempre, Castelao non os creou, reencarnounos a todos...".

"Dispois de Castelao, a personalidade de nación galega quedou firme e definitivamente artellada, con tódalas súas virtudes en plea función eispositiva e dinámica, normativa e definitiva, de xeito atal que, concretada en realidade xurídica por plebiscito popular, como feito histórico irreversible e que ninguén se atreve a negar nen a descoñocer...".

## A HERMANDADE GALLEGA DE VENEZUELA ESCOLLEU NOVAS AUTORIDADES

A Hermandad Gallega de Venezuela nos comunica que foi escolleito o novo Consello Directivo pra rexer os destiños da entidade damente a xeira 1965/1966, o cal ficou constituído polos seguintes irmáns: Presidente, D. Xosé Gallego Pérez; Vice-Presidente, D. Manoel García Buxía; Segretario Xeral, D. Alfredo Sarria Caeiro; Tesoureiro, D. Venancio SanMartín; Vice-Tesoureiro, D. Xosé Varela Xil; Relacións Públicas, D. Manoel Xiraldez Perez; Sec. de Cultura e Arte, D. Francisco Mosqueira Vecino; Sec. Beneficencia, D. Antón Botana Vallo; Sec. de Festas, Alfonso Otero Torres; Sec. de Disciplina, D. Manoel Collazo Garrido; Sec. de Mantemento, D. Alfredo Constenla Figueira; Sec. Deportes, D. Xosé Cendón Muradás.

Degorámolle a nova Xunta Directiva que vai rexer os destiños desta patriótica entidade galega na emigración, os meirandes acertos no seu goberno, decote con ollos postos na patria galega.

# O PENSAMENTO POLITICO DE CASTELAO

## FUTURO I-ESPRANZA

A guerra non é un xoga tráxico entre dous equipos de diferente coor, no que apostamos a vida totalmente, como xogadores. Sabemos porque láitamos a morte e cal é o ideal de vida que defendamos. E os inúteis para a guerra temos dereito a pensar na paz. I eu penso na paz da miña Terra, que é o que máis me doi.

Eu vexa á nasa Terra ceibe de vezos rutinarios, de pleitas cativas e de cobizas ruíns.

Vexo aos hames no traballo e ás mulleres na fogar Vexo aos nenos, loiras e bonitas, a comeren pantriga con mel e manteiga. Vexo aos mozos, intelixentes e sabidos, enrequeitando anterros costumes. Vexo mozas garridas levando cestas de liño ás fábricas de fiar, coma denantes levaban o grao ao muíño, e véxaas dispois o teceren lenzas insuperables.

Vexo casas limpas e hixénicas, de feitura paisán e de acordo coas comenencias da vida labrega e mariñeira.

Vexo os montes repovoados e cobertas de piñeiras. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de productos derivados do leite.

Vexo Centros de investigación e de esperimentación agropecuaria. Vexo piscifactorías, laboratorios costeiros i Escolas de pesca.

Vexo a Universidade de Sant-laga convertida en cerebro de Galiza, irradiando cultura e saber, máis alá dos lindeiros naturais da nasa Terra. Vexo escolas ruraes de formación campesina, para soerguer a comunidade aldeán.

Vexo a explotación mecánica das nosas canteiras de granito. Vexo a nasa artesanía renascida e superada.

Vexo Sindicatos produtores de semente, rexidos por xenistas esperimentados. Vexo pazos para albergar as Cooperativas, millores que en Dinamarca.

Vexo enormes criadeiras de mariscos. Vexo o tráfico d-un gran porto pesqueiro — o máis importante de Europa —. Vexo cangar barcos con peras urracas e manzanas tabardillas.

Vexo, en fin, unha Terra fartureta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña Terra coma unha soa cidade, a cidade-xardín máis fermosa do mundo, a cidade ideal para as homes que queiran vivir a carón da Natureza.

## AUTONOMIA DA TERRA

As nosas esperanzas non caben nos lindeiros da razón. Mataremos, se é preciso, a Saudade; porque a Saudade cecás sexa unha esperanza enristecida, ladraeira de accións.

Galiza ten hoxe unha forza vital capaz de conducila a tódolos delirios de grandeza. Pode chegar á loucura. Pero — ouvídeo ben, hespañoes —, endexamáis chegará ao suicidio. E Galiza deixará de loitar pola liberdade cando a conquira.

Pedimos...

Pedimos que a nasa Terra sexa nasa. Porque somos fillos d-ela. Porque ninguén máis pode gobernala. Porque ninguén máis pode cumprir a súa misión hestórica. Porque levamos o seu nome pol-o mundo adiante. Porque queremos cumprir a postrimeira manda dos nosos irmáns: os que deron a vida pol-a liberdade.

A nasa Terra é nasa. Xa se ten dito moitas veces. Mais agora decímolo nós, os desterrados. Os desterrados que vivimos en liberdade. Decímolo en nome de moitos milleiras de galegas que andan pol-o mundo. Decímolo, tamén, en nome de moitos milleiros de desterrados na propia Terra, dos que agardan por nós, das que viven como fillos da morte, contando o tempo par noites.

A nasa Terra é nasa. Nada máis que nasa. Porque somos os únicos capaces de lle dar lús a súa noite, pan as súas demandas, diñidades á súa vida. Porque somos os únicos capaces de enxugar as súas bágoas de daor. A nasa Terra é nasa. ¿De quen máis podía ser? ¿Dos que a aldraxan? ¿Dos que lle negan a fala e o pensamento? ¿Dos que a escadean? ¿Dos que a rouban? ¿Dos que asesían aos seus fillos máis queridos? ¿Dos que a insumiron na iñorancia?

¿Dos que a queren vender coma escrava? ¿Das que lle negan o dereita a ser libre?

## PATRIA

¿Porqué na desterra a verba "patria" é, para nós, máis emotiva que a verba "nación"? ¿Será que a patria emerge do puro sentimento e a nación non pasa de ser unha realidade abxetiva? Dende logo, a patria sentímola dentro de nós mesmas e acompañanas no desterra; pero a nación está na terra lanxana, nas rexións do recardo e a esperanza. A nación é o obxeto amado; a patria é o amor que a nación nos infunde. De tal mado, que sin a conciencia nacional se non comprende o sentimento patriótico. A patria represéntase con símbolos — tremeluce nas coares d-unha bandeira i eisáltase nos himnas cantadas a cara —; pero a conciencia nacional apenas se desperta diante d-un mapa, porque a nación é un complexo de lugar, tempo e raza, ou da terra, hestaria e pova. A idea nacional soio cobra maxestade cando se transfigura en ideal patriótico. Agora ben; ningún galego iñora que a súa "terra" é Galiza, pero non todos identifican a terra coa nación, obxeta da patria. Háinas que aínda siguen tomando en serio aqueles cromos baratos da escola oficial, onde a imaxe alegórica de Hespaña se lle metía polos ollos en forma de damadora de leóns...

Para os galegos a patria é o Estado hespañol, a que serviron de soldados ou de quen fuxiron por vérense libres de servila. En fin, para os emigrantes galegos a terra natal é o único que lles causa morriña delatando que no amor a Galiza axúntase a idea nacional co sentimento patriótico, pero algúns só se atreven a decir que Galiza é a súa "pequena patria", como si ela non fose o que máis queren no mundo. Compre pais, que todol-os galegos seipamos ben o que é unha nación, porque así saberemos que a nasa patria é Galiza, aínda que o noso Estado siga sendo Hespaña.

## PORTUGAL E GALIZA

Os galegos non aspiramos a confundir políticamente a nasa Terra co Portugal rexido dende Lisboa, e non necesitamos saír de Hespaña para opornos á hexemonía de Castela e loitar pola nasa Liberdade. Pero dentro de Portugal quedounos a metade da nasa Terra, do noso espírito, da nasa língoa, da nasa cultura, da nasa vida, do noso ser nacional; e nunca recoñeceremos, de grado, o dereito dos portugueses a nas pedir un pasaporte cando atravesemos o Miño nin o dereito de Hespaña a impedir que os portugueses entren libremente en Galiza. Queremos vivir unidos coma vivimos nos séculos que seguiron á primeira e verdadeira independencia de Portugal. E para iso é necesario que se resolva previamente o magno problema da Península.

"A independencia de Portugal — dínos Portela Valladares — é intanxíbel, porque a queren os portugueses, porque para nós debe ser sagrada, porque a hestaria nimbouna de eternidade. Pero, non debemos prever o día en que sexa posible a cooperación de Portugal i Hespaña? Non debe irse detrás disto, de percuralo pra que chegue a callar o froita? O tránsito abrigado nesta empresa de longo alento é Galiza, o neiso único está en Galiza, na afirmación de Galiza, no noso réxime de completa e firme autonomía". Ben di Portela Valladares que Galiza é a clave do gran problema hispano, i, en rara coincidencia, se ten feito a mesma afirmación en Portugal. Eu mesmo a fixen no Parlamento da República hespañola en presenza de Azaña, no cume do monte de Santa Tegra, pero é forzoso confesar que os casteláns escoitan esta verdade co ceño fruncido... Os casteláns comprenden que na unión pactada dos dous Estados peninsuare reside a posibilidade d-unha futura grandeza; pero temen a identificación cultural de Portugal e Galiza, porque n-esta identificación reside o fin da hexemonía de Castela. E co fin da hexemonía de Castela remataría o "perigo hespañol" que tanto temen os portugueses.

## DIA DO EMIGRANTE

No xornal madrileño "Arriba" apareceu un moi suxectivo artigo co título "Día do Emigrante" coincidindo co derradeiro Congreso Rexional da Emigración realizado en Compostela e, que transcribimos integramente polo considerar de intrínseco valor para o lector, dados os custos e valentes conceptos que o devandito xornalista madrileño verte en col do homillante espeitago da "emigración en masa dos traballadores hespañóis"...

"O próximo 28 Hespaña vai celebrar o Día do Emigrante. Eu non sei en que van consistir os actos, nin sequer o gallo dese "celebramento", o acto a se celebrar, que, segundo o dicionario, significa "louvar, aplausar ou encarescer a unha persoa ou cousa".

"Respeito á emigración, non acerto a adiviñar que cousa pode sere louvada, aplausada ou encarescida, nin que agachado segredo mova ó país a celebrar con xúbilo ou satisfacción o feito, ó meu xeito de ver lamentabel, de que un millón de hespañóis que non teñen traballo no seu país ou téñeno tan inestabel e espaciado que non podían, co seu produto, atender a ese sagro deber que pra todo home adulto é valerse a si mesmo e arelar constituir unha familia, se é solteiro, ou atender a mór parte das necesidades máis elementais cando a familia está constituída e o home adulto é cabeza de familia".

"Teño pra min que unha das cousas máis homillantes a que pode verse sometido un país é soportar unha emigración masiva dos seus traballadores, en desemprego ou paro encoberto, é dicir, das crases sociais menos capacitadas economicamente. Un país pode se gabar de que emigren seus zánganos, seus vagos, seus preguiceiros, os inúteis voutarios, os que nón están dispostos, anque poidan facelo, a dare golpe, a colaborar no esforzo comunitario do traballo e a produción. Pro endexamáis de que os emigrantes sexan aqueles homes en idade laboural que, podendo seren úteís ó seu país, óllanse forzados a este eisilio inventario xa que na súa terra non atopan o xeito de se valeren a si mesmos nin defenderen económica e socialmente ás súas familias, ós seus pais, donas, fillos ou irmáns menores".

"Persoalmente me non vai a pelengrina idea de que a emigración é un dereito inalienable do home. O é, indiscutiblemente, no caso en que o home se atope en disposición de escoller entre un posto de traballo no seu país e outro que se lle oferés no estranxeiro; tamén no caso do home de independencia económica que prefere dárese unha volta, ou seis voltas, ou ás que lle pete, pola xeografía internacional; en definitiva, o home en liberdade. Mais non o que non ten onde escoller; o home que, ou emigra, ou pide esmola, ou se bota á aventura da emigración, ou sucumbe económica e socialmente, ou ben faise un vago, un maleante,

un estraperlista ou un bandido. Nesta disxuntiva, a emigración non pode sere gallo de ledicia nin de satisfacción, nin, ó meu enxerguer, unha ocasión festiva diña de celebración".

"Por outra banda, pra qué nos imos a enganar? O actual subcomisario do Plan de Desenrolo, don Tomás Allende, e García Baxter, en calidade de Presidente da Irmandade Nacional de Labradores e Gandeiros, co gallo da interpelación que fixo ó Goberno a comezos do ano, chamaba "a estampida da desespranza" ó feito de que a emigración campesía non poidera sere controlada, e no 1964 houberan emigrado 215.000 campesiños en lugar dos 85.000 que estaban previstos no propio Plan de Desenrolo".

"Nefeito, iso era unha estampida, termo que nos telefilms do Oeste dase ós rebañados que emprenden unha carreira entolecida e desenfrenada cando un feito de natureza non prevista os tira fora de si".

"Xa sei que hai argumentos que teiman seren persoasivos en col das escelenzas da emigración por exemplo, o dúns 250 millóns de dólares que cada ano remesan a Hespaña os traballadores na emigración. Pro este argumento só é defendíbel dende o punto de vista dun país en total subdesenrolo. E dicir, dende o punto de vista dún país totalmente emprobecido que nin tivera meios pra atender a eses traballadores que se ven obrigados a emigrar. ¿E este o noso caso? Se non lembramos mal, o Plan de Desenrolo, nos seus catro anos de planificación, tiña de criar 960.000 novos postos de traballo. Estamos aproximadamente á metade do tempo previsto no Plan ¿Temos conseguido ou estamos a punto de conseguirmos os correspondentes 480.000 postos de traballo de nova creación? ¿Estamos en situación de evitarmos ou simplemente amingoaar seriamente esa estampida da desespranza que chamou este mesmo ano o subcomisario do Plan de Desenrolo, señor García Baxter?"

"Polo que respecta ós benefizos económicos da emigración, pensouse que eses 700 ou 800.000 traballadores hespañóis que actualmente serven a Empresas e economías estranxeiras, é dicir, ó desenrolo económico doutros países, poderían outar na Hespaña, a un xornal mínimo de 100 pesetas diarias, non menos de 24.000 millóns de pesetas anuais, equivalentes a 400 millóns de dólares, ademáis de deixar a favor da nosa economía ós benefizos da tarefa produtiva que actualmente están deixando en favor das Empresas estranas, ás que serven?"

"Por todos estes feitos, e por moitos de índole moral que poderían se engadir, o "Día do Emigrante" non pode sere celebrado senón como un acto de contrición nacional. E posíbel que, no fondo, a idea da súa organización sexa esta. Mais, por favor, que non consista en actos de sentimentalismo barato nen de caridade. Que impere nele un decidido esprito de xustiza e de reivindicación social".

## OS ALEMANS GOSTALLES GALIZA

No xornal "LA NOCHE" de Santiago, con data de outono ppdo. na sección Índice Rexional correspondente a Ourense, relátase unha intervención que o xornalista señor Manoel Castiñeiras sostén co turista alemán señor Bukhard Voige, e as intelixentes respostas do devandito cidadán alemán son polo demais reveladoras, polo que deixamos ó lector que tire as súas propias conclusións.

Chegou cunha tenda de campaña e chantouse a orelas do Miño. Bukhard Voige, alemán, leva dous vrans consecutivos na Galiza; gran parte deles, en Ourense. É natural de Lubek e fala dabondo ben o idioma do país. Declarou á Prensa ourensán que a entrada a Galiza por León oferéz un troque de paisaxe extraordinario. Pasamos dunha rexión árida e chá a un país montañoso, fértil e verde. A situación da Galiza, unicamente aberta ó mar, leva un camiño propio da cultura galega, dos costumes e da súa propia historia.

O falar da mocidade hespañola afirma que o maior ideal que teñen os mozos na atoalidade é o de vivir a

vida cotián, sen pensar no porvir. Este ideal cecáis poida sere bon se un se esquece da responsabilidade con respecto ós demais "Coido que esta mocidade chegará a ter dificultades o día de mañán"...

Encol da opinión do alemán mejo sobor de Hespaña, manifestou que "económicamente Hespaña é un país atrasado, por mor de que a agricultura desenvólvese moi paxiño xa que os terratenentes do Sul, a non deixan desenrolárese. Até o dagora, tampoco tiña industria. O comezo da industrialización hespañola foi un pouco serodia. Esta evolución económica débese ós estranxeiros que a visitan e ós hespañóis residentes no estranxeiro. A pesares de todo, é un país moi querido pola súa historia e pola amabilidade do seu pavo".

Engadiu: "Eu, como vin Galiza, non podo comprender cómo un povo dunha natureza tan ricaz, teña que emigrar. O galego non é preguiceiro. E unha vergonza que un pai, hoxe, nun país europeu, teña que abandonar a súa familia pra gañar dabondo como pra vivir, vivir nun senso humán..."